



RESUMO DA XUNTA DE GOBERNO DO 2 DE MARZO DE 2020

LICENZAS

FAVORABLES

LIC/58/2019.- SERGIO VILA BLANCO.- Conceder licenza de obra para realizar a substitución de cuberta con elevación puntual para conservación da vivenda sita na rúa Meixonfrío, 19.

1.- Proposta da concelleira delegada de Urbanismo, Vivenda e Cidade Histórica relativa á solicitude de licenza de obra para realizar a substitución de cuberta con elevación puntual para conservación da vivenda sita na rúa Meixonfrío, 19. LIC/58/2019. Concédese a licenza.

2.- Proposta do concelleiro delegado de Mobilidade e Seguridade Cidadá relativa á continuidade da prestación dos servizos derivados do contrato de mantemento e conservación do sistema de ordenación de tráfico e do túnel do Hórreo. Acórdase a continuidade da prestación dos servizos, adxudicados á entidade Kapsch Trafficom Transportation SAU, nas mesmas condicións do contrato, durante un prazo máximo de nove meses, ou ata que o contratista se faga cargo do novo contrato.

3.- Proposta do concelleiro delegado de Festas relativa á aprobación das bases da convocatoria de subvención ás festas patronais do Concello de Santiago. Apróbanse as bases, ás que se destina unha partida de 26.800 euros.

4.- Proposta da alcaldía relativa á autorización da subrogación da Sociedade "CHARCUTERÍA HERNÁNDEZ, S.L." na titularidade das casetas da Praza de Abastos números NC125, NC127, NC128, NC129 e NC144. Autorízase a subrogación.

5.- Proposta da alcaldía relativa á rectificación do punto 164 da sesión de 24.2.20, de nomeamento de concelleiro como representante suplente no consello reitor do Auditorio. Rectifícase o erro, designando a Jorge Duarte como representante "suplente" da concelleira Branca Novoneyra no consello reitor do Auditorio.

6.- Proposta do concelleiro delegado de Obras relativa á corrección de erro no punto nº 31 da sesión de data 17.2.2020, de adxudicación do contrato de "Execución das obras definidas no proxecto modificado denominado "REURBANIZACIÓN DA RÚA CLARA CAMPOAMOR". Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional no marco do Programa Operativo de Crecemento Sostible 2014-2020". Rectifícase o erro, relativo á denominación da empresa, cambiando Acciona Infraestructuras, SA polo correcto Acciona Construcción, SA.

7.- Proposta da concelleira delegada de Políticas de Igualdade relativa á aprobación das bases e convocatoria do premio de ensaio e creación audiovisual XOHANA TORRES para 2020. Apróbanse as bases e a convocatoria do devandito premio, que se abrirá o 8 de marzo, podendo presentarse traballos ata o 31 de decembro. As dúas modalidades, ensaio e creación audiovisual, contan cunha dotación de 2.500 euros cada unha delas.

URXENCIAS

1.- Proposta da concelleira de Educación relativa ao Programa Municipal de Conciliación de Semana Santa. Apróbase a memoria do programa, que se celebrará os días 6, 7, 8 e 13 de abril no CEIP Monte dos Postes e no CEIP Cardeal Quiroga Palacios.

Departamento de Prensa.Tfno: 981 54 31 09. Fax: 981 58 96 88. E-mail:
prensa@santiagodecompostela.org

2.- Proposta da concelleira de Educación relativa á aprobación da memoria da XX Campaña Municipal de Animación á Lectura “O can de Milu”. Apróbase a memoria da Campaña, que se desenvolverá do 24 de marzo ao 9 de maio, cun orzamento estimado de 22.413,30 euros.

3.- Recoñecementos extraxudiciais de créditos. Recoñécense as obrigas e apróbanse as indemnizacións substitutivas a favor de: Serviplus total, SL, por importe de 9.193,58 euros, pola xestión de actividades no Centro Xove de Creación Cultural e Locais Municipais de Música para a Xuventude do mes de decembro de 2019 e xaneiro de 2020; Serunió, SA, por importe de 11.730,87 euros, pola prestación do servizo de comedor no mes de xaneiro.

4.- Proposta da concelleira de Economía e Facenda relativa á devolución de fianza do Servizo de Axuda no Fogar no municipio de Santiago de Compostela. Autorízase a devolución da fianza constituída pola empresa Valoriza Servicios a la Dependencia, SL (agora SACYR Social, SL), por importe de 87.927,05 euros.

5.- Proposta da concelleira de Economía e Facenda relativa á devolución de fianza do Servizo de Axuda no Fogar no municipio de Santiago de Compostela. Autorízase a devolución da fianza constituída pola empresa Valoriza Servicios a la Dependencia, SL (agora SACYR Social, SL), por importe de 8.792,71 euros.

6.- Proposta da concelleira de Acción Cultural relativa á liquidación provisional do exercicio 2019 da Fundación Eugenio Granell. Apróbase a liquidación provisional do orzamento do exercicio 2019 presentado pola Fundación Granell.

7.- Proposta da concelleira de Economía e Facenda relativa á validación de gastos correspondentes a gratificacións extraordinarias e plus de transporte do persoal do Concello de Santiago. Decembro 2019. Valídanse as actuacións realizadas e recoñécense as obrigas derivadas dos referidos gastos, por un importe total de 134.003,37 euros en concepto de gratificacións, e de 31.626,18 euros en concepto de Seguridade Social.